


# NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO



# INDICE

## **1.LIMIAR.**

1.1. FUNDAMENTO XURÍDICO.

1.2. ÁMBITO DE APLICACIÓN

## **2. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DO CENTRO.**

2.1. ÓRGANOS DE GOBERNO

2.1.1. Órganos unipersoais.

2.1.2. Órganos colexiados.

2.2. ORGANIZACIÓN DO PROFESORADO

2.2.1. Departamentos didácticos.

2.2.2. Departamento de orientación

2.2.3. Comisión de Coordinación Pedagóxica (C.C.P.)

2.2.4. Xuntas de avaliación.

2.2.5. Equipo da biblioteca

2.2.6. Comisión de coordinación da avaliación de diagnóstico

2.2.7. Grupos de traballo e seminarios permanentes

2.3. ORGANIZACIÓN DO ALUMNADO.

2.3.1. Xunta de delegados/as

2.4. COMISIÓNS MIXTAS

2.4.1. Comisión Económica

2.4.2. Observatorio da convivencia escolar.

2.4.3. Equipo de normalización e dinamización lingüística

2.5. ORGANIZACIÓN DO PERSONAL NON DOCENTE.

### **3. NORMAS DE CONVIVENCIA**

#### **3.1.-INTRODUCCIÓN. NORMAS XERAIS**

#### **3.2.- PROFESORADO.**

3.2.1.- Dereitos e deberes do profesorado.

3.2.2.- Incidencias.

3.2.3.- Realización das gardas.

3.2.4.- Xestión das faltas de asistencia e puntualidade do alumnado.

#### **3.3.- ALUMNADO.**

3.3.1.- Dereitos e deberes.

3.3.2.- Responsabilidade e reparación de danos

3.3.3.- Condutas contrarias as normas de convivencia

3.3.4.- Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

3.3.5.- Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia.

3.3.6.- Graduación das medidas correctoras.

3.3.7.- Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

3.3.8.- Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia.

3.3.9.- Perda do dereito a avaliación continua en bacharelato por faltas de asistencia sen xustificar.

#### **3.4.- PREVENCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR.**

3.4.1.- Acoso escolar

3.4.2.- Protección integral das vítimas.

3.4.3.- Medidas para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.

#### **3.5.- FAMILIAS.**

## **1.-LIMIAR.**

### 1.1. FUNDAMENTO XURÍDICO.

A actividade educativa do noso centro susténtase nas leis do ordenamento xurídico estatal e da Comunidade Autónoma de Galicia. Particularmente, apoiase no lexislado pola *Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (L.O.E.)* (B.O.E. Nº 106, 4-maio-2006) e, normas vixentes referidas ao ámbito educativo.

### 1.2. ÁMBITO DE APLICACIÓN.

As presentes normas de organización e funcionamento de centro serán de aplicación a toda a comunidade educativa do I.E.S. Antonio Fraguas. Ser integrante desta comunidade compromete a súa aceptación e cumprimento.

## **2. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DO CENTRO.**

### 2.1. ÓRGANOS DE GOBERNO

#### 2.1.1. **Órganos unipersoais.**

Director/a.

Vicedirector/a.

Xefe/a de Estudos.

Secretario/a.

#### 2.1.2. **Órganos colexiados.**

Consello Escolar.

Claustro de profesores.

### 2.2. ORGANIZACIÓN DO PROFESORADO

#### 2.2.1. **Departamentos didácticos.**

Están formados por un profesor xefe/a do departamento e por todos os profesores do centro que impartan materias e ámbitos pertencentes a ese departamento didáctico.

Terán asinada unha cantidade orzamentaria aprobada polo Consello Escolar que dedicarán a gastos segundo as súas necesidades.

Os departamentos didácticos do noso centro son:

590001 Filosofía	590002 Grego
511003 Latín	511004 Lingua castelá e liter.
590005 Xeografía e Hª	511006 Matemáticas
511007 Física e química	511008 Bioloxía e xeoloxía
590009 Debuxo	511010 Francés
511011 Inglés	590016 Música
590017 Educación física	511019 Tecnoloxía
511053 Lingua e liter. galega	590061 Economía

#### **2.2.2. Departamento de orientación.**

Forman parte do departamento de orientación a xefa do departamento (profesora orientadora do centro), as 2 profesoras de Pedagogía Terapéutica, un profesor de audición e linguaxe e os titores de cada un dos ámbitos lingüístico-social e científico-tecnolóxico, intentando que existan titores/as de todas as etapas educativas impartidas no centro, e os/as xefes/as dos departamentos de orientación dos C.E.I.P. adscritos. Todas as súas funcións están recollidas no *Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia* (D.O.G. Nº 79, 27-abril-1998).

#### **2.2.3. Comisión de coordinación pedagóxica (c.c.p.).**

Integrada polos/as xefes/as dos distintos departamentos, a dirección do centro o xefe de estudos e os membros do departamento de Orientación. É o máximo órgano de planificación, animación, control, supervisión e avaliación dos temas académicos do centro.

#### **2.2.4. Xuntas de avaliación.**

Constituídas por todos/as os/as profesores/as do grupo e tamén pola persoa orientadora do centro. Na E.S.O. tamén forma parte o/a profesor/a de pedagogía terapéutica. Tomarán decisión sobre a promoción e titulación do

alumnado, e sobre todo tipo de medidas relacionadas coa súa actividade educativa.

#### **2.2.5. Equipo da biblioteca.**

Será un grupo de apoio, de carácter interdisciplinar, formado por profesorado dos diferentes departamentos presentes no centro, con dispoñibilidade e dedicación específica para a realización das distintas tarefas derivadas do proxecto de biblioteca e do proxecto lector do centro, que se considerará na elaboración dos horarios do profesorado ao comezo do curso escolar. Estará coordinado pola persoa responsable da biblioteca.

Desde o curso 2011/12 o centro participa no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares e dentro do Proxecto Lector están en funcionamento 3 Clubs de Lectura.

#### **2.2.6. Comisión de coordinación da avaliación de diagnóstico.**

Estará formada polo director/a do centro, que a presidirá, o xefe ou a xefa de estudos, o xefe ou a xefa do departamento de orientación, e un titor ou unha titora de 2º de E.S.O, nomeados pola dirección do centro.

As condicións e o procedemento de realización da proba de avaliación diagnóstica na

Comunidade Autónoma galega están reguladas pola *Orde do 16 de febreiro de 2009 pola que se regula o desenvolvemento da avaliación diagnóstica na Comunidade Autónoma de Galicia* (D.O.G. Nº 37, 23-febrero-2009).

#### **2.2.7. Grupos de traballo e seminarios permanentes.**

Todos os cursos académicos os profesores e as profesoras que o desexen poderán constituír grupos para traballar sobre distintos ámbitos de mellora da súa práctica docente. O obxecto destes grupos será potenciar o traballo en equipo, reflexionar sobre os procesos de ensinanza e aprendizaxe, e actualizar coñecementos para a súa práctica docente.

## 2.3. ORGANIZACIÓN DO ALUMNADO.

### **Xunta de delegados/as.**

Estará composta polos representantes do alumnado no Consello Escolar e polo/a delegado/a de cada grupo. As súas funcións están recollidas no Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria (D.O.G. Nº 156, 9-agosto-1996), no título V.

Cada grupo de alumnos/as elixirá, por sufraxio directo, secreto e non delegable durante o primeiro mes do curso escolar, un delegado de grupo, que formará parte da xunta de delegados, e tamén un subdelegado, que substituirá ao delegado en caso de ausencia ou enfermidade e apoiarao nas súas funcións. As súas funcións están recollidas tamén no anterior decreto.

## 2.4. COMISIÓNS MIXTAS.

### **2.4.1. Comisión Económica.**

Integrada pola dirección, o/a secretario/a do centro, un representante do profesorado, un representante dos/das pais/nais e outro do alumnado.

Entre as súas funcións estarán:

- Colaborar co/coa secretario/a do centro na elaboración da memoria económica do centro, do orzamento do centro e na avaliación de necesidades do centro, e presentar esta documentación ao Consello Escolar.
- Outras funcións que lle encomende o Consello Escolar no ámbito das súas competencias.

### **2.4.2. Observatorio da convivencia escolar.**

Estará formado polo/a director/a, os/as xefes/as de estudos, catro representantes do profesorado, o/a orientador/a do centro, un representante do alumnado, un representante dos/das pais/nais, un representante do persoal non docente, e a persoa dinamizadora da convivencia no centro.

Un dos representantes do profesorado, con destino definitivo no centro, actuará como secretario e levantará acta.

Estarán abertos á participación do profesorado titor relacionado co tema que se analice e dos profesionais de sanidade, dos servizos sociais e das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia escolar.

O seu funcionamento e funcións están reguladas polo Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar (D.O.G. Nº 88, 8-maio-2007).

#### **2.4.3. Equipo de dinamización lingüística.**

Actuará baixo a supervisión da dirección do centro e estará formado por representantes do profesorado, do alumnado e do persoal non docente. Un dos membros do profesorado será o coordinador do equipo nomeado polo Xefe Territorial a proposta da Dirección do centro.

### **3. NORMAS DE CONVIVENCIA**

#### **3.1.-INTRODUCCIÓN. NORMAS XERAIS**

##### **3.1.1.- Introducción.**

Este Regulamento de réxime interlor (RRI) ten como fin explicitar as normas fundamentais de funcionamento interno do Instituto nos seus aspectos de organización, disciplina e normas de convivencia. Ten como referentes as disposicións legais en vigor que nel se citan, e, no seu caso, o Proxecto Educativo de Centro. Será tamén o referente das disposicións normativas que poidan promulgar, no ámbito das súas competencias, os órganos de goberno do Instituto.

O presente RRI afecta a tódalas actividades, académicas ou non, propias do Instituto, mesmo aquelas que teñan lugar en dependencias alleas ao centro e fóra do horario lectivo. Deberán cumprir as normas deste regulamento os membros da comunidade educativa nas actividades no recinto e durante o horario xeral do centro. Así mesmo deberán cumprir as normas deste RRI aquelas institucións e persoas que, sendo alleas ó centro, utilicen as súas instalacións e servizos.



Este documento ten polo tanto como obxectivo facilitar a convivencia da comunidade escolar do IES Antonio Fraguas, artellar a organización do centro así como o uso racional e cívico dos recursos, materiais e instalacións. Constitúe polo tanto o documento que reflicte o funcionamento habitual do centro.

### 3.1.2.- Normas xerais:

1.- O horario xeral do instituto, no que se desenvolverán as actividades lectivas, complementarias e extraescolares a realizar co alumnado será dende as 8:45 horas ata as 14.25 horas todos os días lectivos, e de 16.15 horas a 18:45 horas as tardes fixadas na programación de cada curso.

2.- Os días lectivos, os alumnos de 1º e 2º da ESO que utilicen o transporte escolar deberán acceder á súa aula cando cheguen ao instituto, non debendo permanecer na porta nin nos corredores.

3.- Todos os membros da Comunidade e Educativa están obrigados a velar pola adecuada utilización e conservación do material, equipamentos e dependencias do instituto.

4.- No recinto do Instituto (edificio, patios, pistas de deportes, aparcamento, etc.) evitarase todo tipo de actuacións que resulten molestas para a normal realización das actividades académicas, ou aquelas que poidan ser perigosas para a integridade física das persoas, ou poidan causar danos en instalacións, xardíns, vehículos, etc.

5.- En aplicación da Lei 42/2010 de 30 de decembro, queda prohibido fumar tabaco ou calquera outra substancia no IES. Sen prexuízo das sancións contempladas na citada lei, o incumprimento desta norma será considerado unha falta grave.

6.- O director do centro é o órgano competente para resolver os conflitos e impoñer todas as medidas disciplinarias que correspondan aos alumnos das que informará ao Consello escolar e, no seu caso, á Comisión de Convivencia. O Consello Escolar ten a atribución de coñecer a resolución dos conflitos disciplinarios e a imposición de sancións e velar porque estas se atean á normativa vixente.

7.- Dentro do Consello Escolar formarase unha Comisión de Convivencia, composta por un profesor, un alumno, un pai ou titor legal dun alumno, elixidos entre os membros de dito Consello, o Xefe de Estudos e o Director que actuará como presidente da mesma.

### 3.2.- PROFESORADO.

Na *lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*, faise o recoñecemento ao profesorado da **condición de autoridade pública**, que produce dous efectos legais: a extensión a aquel da protección do ordenamento xurídico que corresponde a tal condición e a atribución de valor probatorio aos feitos que o profesorado constate no exercicio das súas funcións de corrección disciplinaria e que se formalicen por escrito en documento que conte cos requisitos establecidos regulamentariamente.

A condición de autoridade pública queda reflectida fundamentalmente en 3 aspectos: *Artigo 11 da lei 4/2011, do 30 de xuño*.

a) No exercicio das funcións directivas e organizativas, docentes e de corrección disciplinaria, o profesorado ten a condición de autoridade pública e goza da protección recoñecida a tal condición polo ordenamento xurídico.

b) No exercicio das funcións de corrección disciplinaria, os feitos constatados polo profesorado e que se formalicen por escrito en documento que conte cos requisitos establecidos regulamentariamente teñen presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que na súa defensa poida sinalar ou achegar o alumnado ou os seus representantes legais cando sexa menor de idade.

c) O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros

da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.

### 3.2.1.- **Dereitos e deberes do profesorado.** *Artigo 8 da Lei 4/2011, do 30 de xuño.:*

Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes **dereitos**:

a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.

b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.

c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.

d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.

e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.

f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.

g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

Son **deberes** do profesorado:

a) Respectar e facer respectar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.

b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a

competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndolas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.

c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.

e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

Todos estes deberes rexistrados no *artigo 8 da Lei 4/2011* complementáanse e detállanse mais minuciosamente nas obrigas para o profesorado que se enumeran a continuación:

f) Asistir aos claustros, reunións de departamento, xuntas de avaliación, e cantas outras se considere oportunas para a coordinación docente e a boa marcha do centro.

g) Elaborar e axustarse á programación do seu ámbito docente acorde coas directrices que marca o PEC.

h) Cumprir co Regulamento de Réxime Interior, así como con todas as demais normativas vixentes. O profesorado deberá dar exemplo ao alumnado no cumprimento das normas do centro.

i) Cando o profesorado precise faltar, debe pedir permiso previamente á dirección, e anotarse no libro de gardas (indicando a hora, o curso e a aula onde ten clase ou outro tipo de actividade). No caso dun imprevisto, notificará canto antes a súa ausencia a algún membro do equipo directivo..

j) Non existe descanso entre clase e clase, salvo o tempo estritamente necesario para trasladarse dunha aula a outra. Debémonos lembrar de que as clases rematan cando soa o timbre e, polo tanto, non se pode saír antes (mesmo se se trata dun exame).

O profesorado que teña clase cun grupo na hora anterior ao recreo, velará para que non quede alumnado na aula nin nos corredores dos andares superiores.

Debemos afacer ao alumnado a que deixe as luces apagadas sempre que abandone a aula.

k) O profesorado velará porque o alumnado manteña todo o recinto escolar limpo (non tiren papeis ao chan, usen as papeleiras, ...), manteña en orde as súas clases (teña ben postas as mesas e deixen recollidas as cadeiras antes de abandonar unha aula, ...) e garde silencio en xeral en todo o edificio e especialmente nos corredores, nas aulas, na biblioteca e mesmo no patio durante os períodos de clase.

l) O profesorado atenderá aos pais na hora de titorías que teñan no seu horario, caso de ser titor. Naqueles casos excepcionais, debidamente xustificados, na que os pais non poidan asistir na hora de reunión de pais, o horario de atención a eses pais será flexible. Para os profesores que non teñan hora de recepción de pais, as entrevistas cos pais acordaranse de mutuo acordo entre pais e profesores; non obstante, é imprescindible para ter unha entrevista cun profesor distinto ao titor dun alumno, que os pais falen primeiro co titor do alumno ou co xefe de estudos e canalicen a través destes a correspondente entrevista co outro profesor.

### **3.2.2.- Incidenciasco alumnado**

3.2.2.1.- Cando un alumno impida gravemente o normal desenvolvemento da clase, poderá excepcionalmente ser enviado a comparecer, inmediatamente, ante o xefe de estudos ou no seu defecto ante o

directivo que estea de garda. Neste caso, o profesor de dita clase enviará o alumno acompañado polo delegado do grupo a xefatura de estudos, quen se fará cargo del. O profesor informará posteriormente, e tan pronto como sexa posible, dos feitos ao xefe de estudos mediante unha notificación de incidencia.

3.2.2.2.- A proposta de un ou varios profesores, os titores de cada grupo, poderán propoñer á dirección do centro que sexan sancionados, segundo os *artigos 21 e 22 da lei 4/2011 de 30 de xuño*, aqueles alumnos que teñan unha conduta contraria ás normas de convivencia do centro.

3.2.2.3.- Cando un profesor observe nun alumno unha conduta contraria ás normas de convivencia do centro, dentro ou fóra da clase, apercibirá ou porá unha falta de orde aos alumnos responsábeis e o comunicará ao seu titor e, se procede, ao xefe de estudos mediante unha notificación de incidencia.

3.2.2.4.- O profesorado deberá informar das incidencias ocorridas durante a súa clase así como dos apercibimentos privados ou por escrito que impuxese, coa maior brevidade posible. Para dito fin, pode recorrer ao impreso notificación de incidencias

### **3.2.3.- Realización das gardas.**

3.2.3.1.- É misión do profesorado de garda resolver cantas incidencias se produzan durante a xornada lectiva, ben informando inmediatamente a calquera dos membros do equipo directivo presente nese momento no centro, ben, en ausencia destes, adoptando as medidas que estime máis oportunas, axustándose ás directrices recollidas no Regulamento de Réxime Interior.

3.2.3.2.- As gardas comezan ao tocar o timbre, debendo o profesorado de garda impedir que o alumnado saia das aulas nos cambios de clase

3.2.3.3.- As gardas comézanse polas aulas de 1º e 2º da ESO continuando polos demais corredores até estar o centro en orde. Dar unha volta polas aulas para detectar se algún curso está sen profesorado.

3.2.3.4.- Cando non se estea substituíndo un profesor/a ausente, hai que impedir que haxa alumnos polos corredores. O alumnado só pode estar na aula.

3.2.3.5.- De non haber ningún problema, o profesorado de garda permanecerá na sala de profesores. Se por algún motivo xustifico algún profesor de garda ten que ausentarse da sala de profesores para ir a outra dependencia do centro debe estar localizable.

3.2.3.6.- No caso de ausencia dun profesor, será anotado no libro de gardas e os alumnos e alumnas permanecerán na aula co profesor de garda. Os alumnos de 2º de Bacharelato poderán baixar á cafetería, á biblioteca ou quedar estudando sós na súa aula.

3.2.3.7.- As incidencias anotaranse no libro de gardas, que non poderá ser emendado en ningún caso, salvo polo xefe de estudos ou o directivo de garda.

3.3.2.3.8.- Nos cursos da ESO e 1º de Bacharelato o profesorado de garda deberá pasar lista na aula e entregar as faltas ao seu titor. Cando haxa máis ausencias que profesores de garda, xuntaranse grupos que irán co profesor de garda a unha aula de audiovisuais, á biblioteca ou ás pistas polideportivas. O profesorado da biblioteca reforzará neste caso o labor do profesorado de garda.

3.2.3.9.- Nos recreos haberá profesorado de garda no patio, na planta baixa e nos andares superiores. Estes últimos encargaranse de que o alumnado non permaneza nin nas aulas nin nos corredores do 1º e 2º andar. As gardas de recreo hai que facelas completas. Non se pode empregar o tempo de garda de recreo noutro tipo de actividades como atender alumnos, atender pais ou nais, exames, etc. É durante o recreo cando se producen máis roubos e danos nas aulas.

3.2.3.10.- Se nos recreos quedan aulas sen profesor que non estiveran pechadas, o profesor de garda debe informar ao persoal subalterno para que este proceda ao peche das mesmas como funcións propias de dito persoal, comunicándolle este feito ao xefe de estudos.

3.2.3.11.- No caso de que algún alumno ou alumna se atope mal por enfermidade ou accidente, farase cargo del ou dela, adoptando as medidas que estime máis oportunas (curación e chamada á casa para que o/a veñan buscar). En caso de non poder contactar cos pais ou titores ou que a afección que manifeste o alumno sexa de tal grao que se entenda a necesidade do seu traslado ao centro de urxencias, informarase desta situación ao equipo directivo.

3.2.3.12.- As gardas de recepción e saída do transporte escolar realizaranse na entrada do instituto. Na chegada, os alumnos de 1º e 2º da ESO deben incorporarse á súa aula, sendo obriga dos profesores de garda o mantemento da orde. Na saída do transporte escolar vixiarán as incidencia que se poidan producir.

#### **3.2.4.- Xestión das faltas de asistencia e puntualidade do alumnado.**

3.2.4.1.- O profesorado ten a obriga de controlar a asistencia e puntualidade do alumnado. Este control farase do seguinte modo:

a) Cada profesor recollerá o luns na sala de profesores, antes da súa primeira sesión lectiva, o impreso semanal de faltas dos grupos onde imparte clase.

b) Pasará durante esa mesma semana as faltas de asistencia e puntualidade dos seus alumnos á aplicación XADE.

c) O impreso firmado polo profesor será entregado polo mesmo na oficina onde será arquivado.

3.2.4.2.- O alumnado ten a obriga de xustificar as faltas de asistencia e puntualidade.



a) Entregaralle ao seu titor ou titora a xustificación escrita e asinada polo seu pai ou nai de cada falta de asistencia. Esta xustificación pode cubrirse nos impresos que para tal fin se entregan en portería.

b) A xustificación debe ser entregada polo alumno ou os seus pais antes da falta ou o primeiro día de incorporación do alumno ao centro.

#### 3.2.4.3.- Titorías:

a) Os titores recollerán as xustificacións das faltas de asistencia e puntualidade e pasarán esa información ao XADE.

b) Mensualmente, enviarase por correo ordinario a información das faltas de asistencia e puntualidade aos pais dos alumnos.

c) Merecerán especial atención para os titores as faltas de asistencia de alumnos da ESO que se ausentan sen permiso do centro en horario lectivo. O titor nestes casos chamará por teléfono aos pais de forma inmediata e informará ao xefe de estudos

### 3.3.- ALUMNADO.

.

#### **3.3.1.- Dereitos e deberes..** *Artigo 7 da lei 4/2011 do 30 de xuño.*

3.3.1.1.- Recoñécenselle ao alumnado os seguintes **dereitos básicos** de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.

b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.

c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.

d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.

e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

#### 3.3.1.2.- Son **deberes básicos** de convivencia do alumnado:

a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.

b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.

c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.

d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.

e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.

f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte á convivencia dos seus respectivos centros docentes.

g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.

h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

Todos estes deberes rexistrados no *artigo 7 da Lei 4/2011* complementáanse e detállanse máis minuciosamente nas obrigas para o alumnado que se enumeran a continuación:

i) O alumnado deberá manter todo o recinto escolar limpo (non tirar bolsas, papeis, ao chan, usar as papeleiras, ...), manter en orde as súas clases (ter ben postas as mesas e deixar recollidas as cadeiras antes de abandonar unha aula, ...) e gardar silencio en xeral en todo o edificio e especialmente nos corredores, nas aulas e na biblioteca; e mesmo no patio durante os períodos de clase.

j) O alumnado deberá levar ás clases o material propio da materia e non poderá utilizar outro tipo de material (revistas, móbiles, xogos, barallas de cartas, material doutras materias, etc.). O profesor/a poderá requisar este material e levalo á xefatura de estudos, onde posteriormente, se procede, o recollerá o/a alumno/a ou os seus pais.

k) Non se pode xogar ás cartas, parchís, etc. dentro do recinto escolar, agás nas materias nas que se utilicen como material para desenvolver o seu currículo ou nas que o seu uso figure dentro da programación anual. Esta norma terá unha única excepción con xogos declarados como didácticos como o xadrez, ao cal se poderá xogar nos períodos sen clase.

l) Non se pode comer, beber ou mascar larpeiradas fóra dos recreos e nunca nos corredores ou nas aulas.

m) No caso de ausencia ou atraso dun profesor/a, o alumnado debe esperar sempre na súa aula á chegada do profesorado de garda, quen lles indicará o que deben facer.

n) É obrigatorio para todo o alumnado levar sempre o carné do instituto, imprescindible para retirar libros da biblioteca, e para ser identificados no centro. Para saír do recinto escolar, no caso de alumnado maior de idade, é imprescindible a presentación do DNI ou do carné do instituto “autorizado”, a fin de comprobar que efectivamente ten máis de 18 anos.

ñ) O alumnado da ESO menor de idade non pode abandonar o recinto do centro no horario escolar. O alumnado de Bacharelato poderá saír do Instituto nos recreos e nas últimas sesión lectivas cando falta o seu profesor, neste último caso deben informar a un profesor de garda ou a un cargo directivo.

Cando un alumno/a menor de idade teña que saír do centro no horario lectivo por unha causa xustificada (visita médica, etc.) deberá vir buscalo o seu pai, nai, titor legal ou excepcionalmente un familiar ou persoa autorizada maior de idade, quen deberá cubrir na portería do centro o impreso de solicitude correspondente. No caso de que non poidan vir buscalo, excepcionalmente, deberá traer da súa casa unha solicitude dos seus pais indicando o motivo e hora da saída. Esta solicitude será entregada polo alumno/a na xefatura de estudos pouco antes da hora da saída.

o) No recinto do centro non pode entrar persoal alleo, agás nas oficinas para realizar algunha xestión. Imporáselle unha falta grave aos alumnos que se atopen acompañados de xente de fóra do centro (agás nos casos nos que veñan realizar algunha xestión ao mesmo).

p) A asistencia á clase é obrigatoria e debe facerse coa maior puntualidade posíbel. Considerase un tempo excesivo aquel que supere os 5 minutos. Enténdese por falta de puntualidade chegar tarde ao centro á primeira hora de clase. Este alumnado permanecerá na biblioteca até que soe o timbre, momento no que subirá á súa clase. Considérase que chegar tarde ao resto das horas é unha interrupción da clase (se a demora é inxustificada). Polo tanto, nestes casos, se o feito se dá dun modo reiterado, deberá ser obxecto de sanción, xa que significa un incumprimento das normas de convivencia do centro por levar consigo unha interrupción das clases. O alumnado que incumpra esta norma deberá ser, en primeiro lugar, apercibido polo profesor/a

e polo seu titor ou titora a fin de que modifique a súa actitude. No caso de que non a modifique, procederáse a aplicarlle unha sanción maior, por ter xa a consideración de conduta reiterada contraria ás normas de convivencia do centro.

A duración dos períodos de clase é de 50 minutos, marcados polo toque do timbre, xa que logo, non existe descanso entre clase e clase, salvo o tempo estritamente necesario para desprazarse dunha aula a outra, se procede.

O alumnado ten dereito a ir coller os libros á súa aula habitual, e marchar despois a outra aula para recibir a súa clase. En calquera caso o tempo máximo para chegar a calquera clase será inferior a 5 minutos. Polo tanto, non está permitido ir ao baño nin á cafetería nin á fotocopiadora entre clases nin durante as mesmas, agás que o profesor excepcionalmente dea permiso.

q). As instalacións e material pertencen a todos os membros da comunidade escolar; neste senso, é obriga de todos e todas velar pola súa conservación e bo funcionamento. No caso de danos intencionados o custo da reparación repercutirá nos autores dos danos.

O coidado e limpeza de todo o recinto escolar é responsabilidade de toda a comunidade educativa. En consecuencia, prohibese tirar papeis ou calquera outro desperdicio, agás nas papeleiras e contedores destinados a tal fin, e realizar pintadas en paredes, portas, taboleiros, pupitres, etc.

r) Para a utilización puntual de material de uso comunitario (balóns, xadrez, ...) será precisa a presentación do carné do centro, responsabilizándose o titular do mesmo de reintegrar este material no mesmo estado en que foi retirado.

s) A biblioteca é un lugar de traballo individual, polo tanto, dentro dela, esíxese silencio e evítanse as actitudes que impidan a concentración, tanto nos recreos coma nos períodos de clase. Porén, dado o seu carácter de biblioteca escolar poden realizarse actividades didácticas para grupos de alumnos dirixidos polo profesorado tales como explicación do seu funcionamento, prácticas de localización de libros, animación á lectura ou

traballos de documentación. Durante os recreos haberá sempre unha persoa que se encargue do normal funcionamento deste servizo.

O prazo de préstamo dos fondos da biblioteca será de quince días. Para a retirada dos mesmos será precisa a presentación do carné do centro. A non devolución dalgún libro dentro dos prazos previstos implicará a reposición do mesmo pola persoa á que lle foi prestado. No resto dos aspectos seguiranse as normas ditadas polo profesor/a responsable da xestión da biblioteca.

### **3.3.2.- Responsabilidade e reparación de danos.** *Artigo 13 da Lei 4/2011.*

3.3.2.1.- O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non for posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou tutores serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

3.3.2.2.- Cando se incorra en condutas tipificadas como agresión física ou moral, deberase reparar o dano moral causado mediante a presentación de excusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos e de acordo co que, de ser o caso, determine a resolución que imponha a corrección da conduta.

3.3.2.3.- O réxime de responsabilidade e reparación de danos é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

### **3.3.3.- Condutas contrarias as normas de convivencia.**

As condutas contrarias á convivencia nos centros docentes clasifícanse en condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e condutas leves contrarias á convivencia.

**3.3.3.- Condutas contrarias as normas de convivencia.** *Artigo 15 da lei 4/2011 do 30 de xuño.*

a) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, á dignidade da persoa, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo **apartado 4 deste regulamento**, *artigo 28 sobre o acoso escolar da lei 4/2011 de 30 de xuño.*

f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.

h) Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.

j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos a que se refire *o punto terceiro do artigo 11 da lei 4/2011 de 30 de xuño* cando se é requirido para iso polo profesorado.

k) Ausentarse reiteradamente do recinto escolar sen permiso durante as sesións lectivas.

l) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.

m) O incumprimento das sancións impostas.

### 3.3.2.-CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.

a) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas , as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa que non alcancen a gravidade requirida para ser consideradas condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

b). Os actos de discriminación contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social que non alcancen a gravidade requirida para ser consideradas condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina leve.



d) Os danos leves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros.

e) Os actos inxustificados que perturben levemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

f) As actuacións que prexudiquen levemente a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.

g) Portar calquera obxecto, substancia ou produto perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia.

h) A non asistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade.

i) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.

J) A saída do recinto escolar, sen permiso, do alumnado da ESO durante os recreos.

#### **3.3.4.- Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia. Artigo 21 da Lei 4/2011.**

As medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. Son as seguintes:

a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.

c) Cambio de grupo.

d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

f) Cambio de centro.

### **3.3.5.- Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia.**

*Artigo 22 da Lei 4/2011.*

As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición. Son as seguintes:

a) Amoestación privada ou por escrito.

b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.

c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.

d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas de limpeza, biblioteca e outras que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.

f) Obriga de asistir ao centro en horario non lectivo para a realización de tarefas escolares, previa comunicación aos pais ou tutores do alumno e consentimento dos mesmos.

g) Cambio de grupo por un período de ata unha semana. Ou por un período superior previo acordo cos pais do alumno.

h) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

i) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

### **3.3.6.- Graduación das medidas correctoras. *Artigo 23 da Lei 4/2011.***

Para a graduación das medidas correctoras previstas nesta sección, tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, se é o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos nos termos previstos polo artigo 13 desta lei.

b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.

c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, das súas imaxes ou da ofensa.

d) A natureza dos prexuízos causados.

e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, se se trata dun alumno ou alumna, por razón da súa idade, de recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia.

### **3.3.7.- Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.**

1. As medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia só se poden impoñer logo da tramitación do procedemento disciplinario regulado neste artigo.

2. Corresponde acordar a incoación do procedemento á persoa titular da dirección do centro docente, por propia iniciativa, por petición motivada do profesorado ou da titora ou titor da alumna ou alumno ou da persoa que ocupe a xefatura de estudos.

3. A incoación do procedemento notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que poden corresponder e o nome da profesora ou profesor que actuará como persoa instrutora. Así mesmo, comunicarase á inspección educativa.

4. No propio acordo de incoación ou en calquera momento da tramitación do procedemento, o director do centro pode adoptar motivadamente, por iniciativa propia ou a petición do instrutor, como medidas provisionais o cambio temporal de grupo ou a suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases ou actividades, por un período non superior a cinco días lectivos. A adopción de medidas provisionais notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade.

5. Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou alumno e, se é menor de idade, á nai ou pai ou á titora ou titor, convocándoos a unha comparecencia en horario lectivo na que poderán acceder a todo o actuado e da cal se estenderá acta. No caso de incomparecencia inxustificada, o trámite de audiencia terase por realizado para todos os efectos legais, sen prexuízo do previsto no artigo 27 desta lei.

6. Realizado o trámite de audiencia, o director do centro ditará resolución motivada que se pronunciará sobre a conduta da alumna ou alumno e impondrá, se é o caso, a correspondente corrección, así como a obriga de reparar os danos producidos nos termos previstos polo *artigo 13 da lei 4 /2011*.

7. A resolución notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade, nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarase á inspección educativa.

8. A resolución da persoa titular da dirección do centro pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva. Contra a resolución da persoa titular da dirección do centro cabe instar a revisión ante o Consello Escolar no prazo de dez días lectivos nos termos previstos *na alínea f) do artigo 127 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*.

### **3.3.8.- Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia.**

3.8.1.- A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo:

1) O **PROFESORADO** da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos, no caso das medidas previstas:

a) Amoestación privada ou por escrito.
b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.
c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.

2) A **TITORA OU TITOR** da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos, no caso das medidas previstas:

a) Amoestación privada ou por escrito.
b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.
c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas de limpeza, biblioteca e outras que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

3) **O XEFE/A DE ESTUDOS OU O DIRECTOR/A**, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas:

a) Amoestación privada ou por escrito.
b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.
c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas de limpeza, biblioteca e outras que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
f) Obriga de asistir ao centro en horario non lectivo para a realización de tarefas escolares, previa comunicación aos pais ou titores do alumno e consentimento dos mesmos.
g) Cambio de grupo por un período de ata unha semana. Ou por un período superior previo acordo cos pais do alumno.

4) **O DIRECTOR** do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas:

h) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

i) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

A imposición destas medidas correctoras comunicarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas.

3.8.2.- As resolucións que impoñen as medidas correctoras ás que se refire este artigo poñen fin á vía administrativa e son inmediatamente executivas.

3.8.3.- Nas faltas leves contrarias a convivencia que deriven nunha situación de conflito, nas que unha das partes implicadas soliciten a intervención do EQUIPO DE MEDIACIÓN do centro, as medidas correctoras quedarán suspendidas de forma provisional podendo quedar anuladas se se chega a unha solución ou acordo. A resolución final é da Dirección do IES.

### **3.3.9 .- Perda do dereito a avaliación continua en bacharelato por faltas de asistencia sen xustificar.**

*O Art. 44.2 Real Decreto 732/1995 di: “ A falta á clase de modo reiterado pode provocar a imposibilidade de aplicación correcta dos criterios xerais de avaliación e a propia avaliación continua. Amais das correccións que se adopten no caso de faltas inxustificadas, ó xuízo do titor/a, os Regulamentos de*

*Réxime Interior establecerán o número máximo de faltas por curso, área e materia” .*

O número de faltas que provocará a perda destes dereitos en Bacharelato será a que segue:

MATERIAS	1 hora semanal	2 horas semanais	3 horas semanais	4 horas semanais
HORAS	4	8	12	16

O alumnado que acade este número de faltas deberá someterse ós sistemas extraordinarios de avaliación previstos polos departamentos didácticos nas súas programacións.

As faltas de asistencia inxustificadas poderán ser corrixidas tamén, ó xuízo do xefe de estudos, con amoestación escrita, no caso de máis de DÚAS AUSENCIAS nas materias de 1 e 2 horas semanais, e máis de OITO nas de 3 e 4 horas (*Art. 44,2 do Real Decreto 732/1995*).

### 3.4.- PREVENCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR.

**3.4.1.- Acoso escolar.** *Artigo 28 sobre o acoso escolar da lei 4/2011 de 30 de xuño.*

Considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.



**3.4.2.- Protección integral das vítimas.** . *Artigo 29 sobre o acoso escolar da lei 4/2011 de 30 de xuño.*

A protección da vítima garantírase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso. Arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes da situación de acoso que impidan a continuación de eventuais condutas acosadoras.

a) Tódalas actuacións realizaranse coa maior discreción.

b) Observación específica do posible acosado.

c) Marco de protección e seguridade para o alumno vítima, consistente en medidas de apoio expreso ou indirecto polos profesores, fortalecemento do círculo de relacións na aula e no centro. Coidarase a discreción nas medidas e comentarios.

d) Solicitar a colaboración familiar para a vixianza e o control do alumno.

e) Asesoramento por parte do titor ou da orientadora do centro.

f) Asesoramento por parte do equipo docente

**3.4.3.- Medidas para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.** *Artigo 30 sobre o acoso escolar da lei 4/2011 de 30 de xuño.*

a) A dirección do centro debe determinar as medidas que se deben adoptar no caso de detección dunha situación de acoso escolar para poñerlle fin a esta, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan.

b) As situacións de acoso escolar graves que se detecten serán comunicadas á inspección educativa, xunto coas medidas que se adopten para poñer fin a elas. No caso de condutas de especial gravidade, informarase da situación e das medidas aos servizos sociais do correspondente concello, aos

servizos especializados do departamento competente en materia de benestar e, se é o caso, á Fiscalía de Menores para facilitar as medidas que lles corresponda adoptar nos seus respectivos ámbitos competenciais.

### 3.5.- FAMILIAS.

#### **3.5.1.- Dereitos e deberes das nais e pais ou dos titores/as. Artigo 6 da lei 4 /2011**

As nais e pais ou as titoras ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, son titulares dos seguintes dereitos de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.

b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.

c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.

d) A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, teñen os seguintes deberes:

a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.

b) Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.

c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.

d) Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas.

### **3.5.2 Participación directa das familias e dos restantes membros da comunidade educativa no ensino e no proceso educativo.**

A determinada no TÍTULO IV da LEI 4/2011, do 30 de xuño, de *convivencia e participación da comunidade educativa*.

DOCUMENTO APROBADO POLO CONSELLO ESCOLAR NA DATA:

4 – DECEMBRO - 2012